

A OBRA TERÁ UN PRESUPOSTO DE 16 MILLÓNS DE EUROS



Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense, Alfonso Rueda, conselleiro da Presidencia, e Rogelio Martínez, delegado da Xunta en Ourense, no acto de presentación da maqueta do edificio xudicial.

Novo edificio xudicial para Ourense

M.C.
OURENSE

■ O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, o alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez e o delegado da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, participaron nunha reunión do xurado do concurso de ideas para a construción do novo edificio xudicial na cidade de Ourense, na que solventaron os últimos trámites necesarios para poder iniciar as obras, que arrancarán de inmediato.

O xurado volveuse reunir coa finalidade de incorporar á mesa a valoración completa dos proxectos presentados que fixeron no seu día os membros do equipo técnico, do que forman parte arquitectos da Consellería, do Concello e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Así, incorporouse un completo informe elaborado

por estes membros técnicos en relación co procedemento levado a cabo para a valoración dos proxectos, así como un cadro- resumo de puntuacións que se elaborou no seu día e que foi o que levou ao xurado, na súa reunión do 15 de xullo de 2009, a elixir gañador do concurso ao proxecto de Cristina Lago e Pablo Fidalgo.

SEGURIDADE XURÍDICA

Unha vez adxuntada esta motivación da puntuación outorgada aos proxectos gañadores, que botaba en falla no seu momento a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), queda garantida a seguridade xurídica das actuacións e polo tanto séguese adiante co proceso, de tal xeito que antes de que remate o ano darán comezo as obras. A Xunta mantén así o seu compromiso de que Ourense

**EN BREVE
COMENZARÁN AS
OBRAS DO NOVO
EDIFICIO QUE
MELLORARÁ AS
CONDICIÓN DE
TRABALLO DOS
PROFESIONAIS DA
XUSTIZA E O SERVIZO
ÓS CIDADÁNS**

conte cun novo edificio xudicial antes de que remate o ano 2013.

O Goberno galego adxudicou por máis de 16 millóns de euros as obras do edificio, que constará de cinco plantas e case 15.000 metros cadrados que van sol-

ventar as necesidades de espazos para as vindeiras dúas décadas, ao poder albergar ata 24 xulgados, 15 salas de vistas, un xulgado de garda, un decanato e unha sala de usos múltiples. Así consta no proxecto gañador do concurso de ideas -dos arquitectos Cristina Lago e Pablo Fidalgo-, que aposta por respectar o corredor verde que discorre paralelo ao río Miño, reducindo o máis posible a ocupación da parcela para liberar espazo que sirva de lugar de encontro para os cidadáns.

O procedemento de licitación do novo edificio de Ourense iniciouse 15 de xuño de 2010 co seu anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e a súa publicación na páxina web. A data límite de presentación de ofertas rematou o 18 de agosto e presentáronse 45 empresas, a nivel individual ou nunha unión temporal (UTE). ■



Reunión mantida sobre o edificio xudicial.

ROGELIO MARTÍNEZ, DELEGADO DA XUNTA EN OURENSE

"O edificio albergará 20 xulgados, un de garda, 4 salas de vistas e unha de vodas"

M.C.
OURENSE

■ Antes de final de ano está previsto que podan escomenzar as obras de construción do que será o novo edificio xudicial de Ourense. Rogelio Martínez, delegado do Goberno galego en Ourense, destaca que esta nova infraestrutura ten unha importancia capital, xa que virá a paliar a falta de espazo para albergar dotacións xudiciais da capital ourensana.

¿Para cando o novo edificio xudicial en Ourense?

Comezamos este ano cun tema enriba da mesa de vital importancia para a cidade, estou falando da construción do novo edificio xudicial, que xa tiña que estar en marcha pero, entre a espera para que o concello de Ourense solucionase canto antes os problemas cos donos dos terreos e a paralización posterior da Xustiza por mor do concurso de ideas, aínda non se comezaron as obras. Está previsto que comecen as obras de inmediato. O que está claro é que a Consellería manterá o ano 2013 como data para que Ourense conte con esta gran infraestrutura que suporá un antes e un despois no concepto de xustiza.

¿Qué suporá a súa posta en marcha?

Con esta obra a Xunta de Galicia cumpre o seu compromiso con Ourense e cubre un obxectivo moi necesario ante a falta de espazo para albergar as dotacións xudiciais na cidade de As Burgas. Trátase dun edificio moderno, que permitirá albergar 20 xulgados, outro máis de garda, 14 salas de vistas, unha sala de vodas e contará con máis de 1.000 metros cadrados de arquivo. Esta construción forma parte do Plan de Infraestruturas Xudiciais, un ambicioso programa posto en marcha pola Xunta, que prevé un investimento de case 100 millóns de euros en seis anos e que ten como obxectivo deixar solventadas as necesidades de espazo nas sedes xudiciais galegas para



Terreos onde se construír o edificio.

MIGUEL ÁNGEL

"ESTA CONSTRUCCIÓN FORMA PARTE DO PLAN DE INFRAESTRUCTURAS XUDICIAIS"

os vindeiros quince ou vinte anos.

¿Falando dese Plan de Infraestruturas Xudiciais remodeláronse outros xulgados da provincia?

Unha das tarefas fundamentais deste departamento territorial é a mellora dos xulgados. Leváronse a cabo obras en xulgados de toda a comarca. Quixera salientar que houbo actuacións en tódalas comarcas da provincia. A construción do novo edificio xudicial do Barco de Valdeorras, cunha superficie total construída de máis de 2.000 metros cadrados e que requiriu dun investimento de máis de dous millóns e medio de euros, está dando funcionalidade e facilitando ós usuarios o acceso á xustiza. Nos xulgados do Carballiño realizouse unha ampliación, para estas obras de mellora presupostáronse 350.000 euros.

Nos xulgados de Celanova tamén se ampliaron as dependencias e, ó tempo, se eliminaron as barreiras arquitectónicas. Nas obras de mellora deste xulgado de Celanova a Consellería de Presidencia investiu 230.000 euros. Quixera

destacar tamén a posta en marcha doutras obras cun menor investimento na provincia pero moi necesarias para mellora-las condicións de traballo dos funcionarios así como dos usuarios da xustiza.

Realizáronse obras de climatización, instalación dunha sala de vídeo conferencia e outras melloras nos xulgados de Verín: obras de climatización nos xulgados de Xinzo de Limia; diversos arranxos nos xulgados de Trives; climatización das salas de vistas, pintura e outros arranxos menores no edificio de xulgados de Ourense, e obras de acondicionamento no servizo de xustiza gratuita. O investimento nestas obras foi de preto de 50 mil euros.

¿Cómo está a beneficiar a posta en marcha do novo xulgado do social de Ourense?

Efectivamente, importantísima foi a posta en marcha do novo xulgado do social, o número catro. No local a Xunta investiu máis de 36.000 euros, dos que 10.000 foron para a habilitación do local, outros 10.000 euros para mobiliario e 16.500 para equipamento informático. Seguimos pendentes de que o Ministerio de Xustiza cumpra o seu compromiso e proceda a reformar a lei para comarcalizar os xulgados de violencia de xénero, xa que é unha iniciativa que se lle reclama ao Ministerio, coma fórmula idónea para dotar ás cidades destes xulgados,



Rogelio Martínez, delegado da Xunta.

tan necesarios para ofrecer a resposta idónea á esa lacra que é a violencia de xénero. Actualmente en Galicia só hai dous, o de Coruña e o de Vigo, e en Ourense é unha reclamación histórica. Nese sentido, reitero que, en canto o Goberno central leve a cabo a reforma normativa precisa e comarcalice os xulgados de violencia de xénero, a Xunta pedirá inmediatamente, en coordinación co Poder Xudicial, a creación dun xulgado especializado en violencia de xénero e de carácter comarcal para a cidade de Ourense.

Como están as partidas orzamentarias deste ano 2012 para a provincia de Ourense?

Quixera lembrar que a Xustiza será unha área prioritaria para a Xunta tamén neste ano que entra. Dende o Goberno galego hai unha aposta decidida para lograr unha administración

"A XUSTIZA SERÁ UNHA ÁREA PRIORITARIA. DENDE A XUNTA DE GALICIA UNHA APOSTA DECIDIDA PARA LOGRAR UNHA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EFICAZ E MODERNA"

de xustiza eficaz e moderna. Por iso, e pese ás dificultades económicas, estamos a realizar un importantísimo esforzo para dotar á Xustiza dos medios que necesita, con iniciativas como o Plan de Infraestruturas Xudiciais, ou o Plan Senda para dotar de novas tecnoloxías e informatizar os xulgados ourensáns.

Os orzamentos do ano 2012, que blindan o peso da xustiza nas contas e incrementan a dotación destinada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, contarán cun 16 por cento máis de orzamentos que no presente exercicio. Trátase dunhas contas realistas e sensatas, leais coa necesidade de protexer ós servizos públicos e enmarcadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, galega consecuentes polo tanto co principio de austeridade e control do déficit público. ■